

ANOTACIÓN PARA LA TRAVIATA

Aínda que agora resulte increíble, a estrea de *La traviata* en 1853 foi un fracaso. A obra narra con realismo e crueza a historia dunha cortesá, Violetta Valéry, que unha sociedade hipócrita utiliza como obxecto de pracer e luxo e logo condena sen piedade cando intenta saír da súa condición. Inaceptable para o público daquela época, que se sentía intimidado pola ousadía do tema, por uns personaxes nos que podía recoñecerse e por un desenlace presidido por unha enfermidade como a tuberculose, que o horrorizaba. Non foi casualidade que nunca se traducise o título orixinal, que significa literalmente “a extraviada” ou “a perdida”.

Desde o comezo, Violetta é consciente da fragilidade das súa posición e Verdi constrúe a trama de forma que a decisión de acceder á petición do pai de Alfredo de que abandone o seu fillo non reflicte submisión, senón un sentido de culpa e de fatalidade que xa late na súa grande aria do primeiro acto, cando intúe que non é lexítimo permitirse unha relación sincera de amor. Verdi presenta o pai non como un monstro, senón con verdadeira dignidade, tan prisioneiro coma ela da moral do seu tempo, e convídanos coas súas palabras a admirar a xenerosidade, a nobreza e a coraxe de Violetta. Esa muller, considerada inferior social e moralmente, é superior a aqueles que a rexeitan, tanto en prudencia coma en sensibilidade.

Na posta en escena de Willy Decker que hoxe vemos, Violetta non está nunca soa. Viste de vermello intenso fronte ao contorno escuro e monocromo. Reclámana, séguena, lévana no colo ao sofá, confirmándolle que é a raíña do seu mundo, un reino que existe só mentres poida continuar dando satisfacción, alegría e pracer. Aparentemente todos a adoran e pode ter motivos para crer que é unha superestrela, malia ser só un obxecto de luxo. Esa mesma multitude que a glorifica e a enche de agasallos e de excesos pode deixala caer en calquera momento, como, en efecto, sucede.

Desde o primeiro momento, Violetta sabe que está morrendo, sabe que ten os días contados e a súa reacción é lanzarse á vida, a ese desafío do tempo, a ese valse interminable e a esas noites de desenfreno, sen descanso. Arríscase a unha aventura de felicidade, aínda que é consciente de que será breve. Pero detrás desta fuxida cara a diante vaise esgotando o tempo que marca ese gran reloxo que, nesta representación, constitúe o elemento principal no escenario.

 **TEATRO REAL**
CERCA DE TI



Semana de  la Ópera

TEMPORADA
24/25

LA TRAVIATA

Ópera en tres actos

Música de Giuseppe Verdi (1813-1883)
Libreto de Francesco Maria Piave, baseado en *A dama das camelias*, de Alexandre Dumas fillo
Estreada no teatro La Fenice de Venecia o 6 de marzo de 1853

EQUIPO ARTÍSTICO

Henrik Nánási
Willly Decker

Dirección musical
Dirección de escena

ELENCO

Adela Zaharía
Xabier Anduaga
Artur Rucinski
Albert Casals
Karina Demurova
Gema Coma-Alaber
Tomeu Biblioni
David Lagares
Giacomo Prestia
Joan Lainez
Ihor Volevodin

Violetta Valéry
Alfredo Germont
Giorgio Germont
Gastone, vizconde de Lètonières
Flora Bervoix
Annina
O barón Douphol
O marqués de Obigny
Doutor Grenvil
Giuseppe
Il cavalliere

Coro e orquestra titulares do Teatro Real

EDICIÓN MUSICAL

Música de G. Puccini e libreto de G. Adami e R. Simonì. Último dúo e escena final compostos por Franco Alfano segundo as anotacións de Puccini. Casa Ricordi, S.r.l., Milán. Editores e propietarios

ARGUMENTO

París, s. XIX, ambiente frecuentado pola burguesía e a prostitución de luxo.

ACTO I

Violetta Valéry, unha coñecida cortesá, dá unha festa para celebrar a súa recuperación dunha grave enfermidade. O vizconde de Lètonières preséntalle a Alfredo Germont. O barón Douphol, o seu amante e protector, está celoso. Violetta sèntese mal de supeto, a súa enfermidade reaparece. Alfredo confésalle o seu amor. Ela afirma que nunca coñeceu o amor, non pode correspondelle. Regálalle unha camelia para que lla devolva cando murcha, ao día seguinte. A soas, Violetta sèntese conmovida, aínda que ten a certeza de que o seu destino é que viva brevemente.

ACTO II

Escena 1. Unha casa preto de París, tres meses despois. Violetta e Alfredo viven no campo, namorados. Para sobrevivir, ela vende as súas pertenzas en segredo. Alfredo descóbreeo e vai á cidade para intentar recuperarlas. Na súa ausencia, chega o seu pai, Giorgio Germont. Acusa a Violetta de arruinar a vida do seu fillo. Aldraxada e triste, ela móstralle os recibos da venda dos seus bens, pero, aínda así, el pídelles que abandone o seu fillo; o escándalo fai perigar o matrimonio da irmá de Alfredo. Violetta acepta desconsolada. Escribelle unha carta ao seu amado na que o informa de que o abandona para volver á súa antiga vida con Douphol.

Escena 2. Festa no apartamento de Flora, amiga de Violetta, en París. Violetta está co barón. Alfredo, ferido e enfadado, acúsaa. Ela mente e afirma que está namorada do barón. El, furioso, intenta pagarlle polos seus servizos publicamente. Entra Giorgio Germont e é testemuña da escena. O barón reta a Alfredo a un duelo. A carreira de Violetta como cortesá chegou á súa fin.

ACTO III

Cuarto de Violetta meses máis tarde. Está moi enferma de tuberculose. Abandonada por amigos e protectores, sèntese moribunda. Só ten a súa serventa Annina e o doutor Grenvil. Relé continuamente unha carta de Giorgio Germont onde lle explica que Alfredo fuxiu de Francia tras ferir o barón no duelo, pero que coñece o seu sacrificio e regresa ao seu lado. É Carnaval. Escóitanse cantos tras a venta. Chega Alfredo. Os amantes abrázanse, perdóanse, pero xa nada pode salvala. Dálle un retrato para que a recorde. Chega Giorgio Germont cheo de remordementos e suplicalle a Violetta o seu perdón. Ela morre.